

# Novas Tecnoloxías

Conservatorio Profesional de Música da Estrada

## ÍNDICE

---

INTRODUCCIÓN .....	02
Novas Tecnoloxías 3º G.P.: .....	04
Obxectivos: .....	04
Contidos: .....	04
Editores de Partitura: .....	04
Editores de Audio Dixital: .....	04
Contidos Mínimos Esixibles: .....	04
Criterios de Avaliación: .....	05
Procedementos de Avaliación: .....	05
Criterios de Cualificación: .....	05
Avaliación alternativa: .....	05
Exames de Setembro: .....	05
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula: .....	06
*Nota de Advertencia: .....	06
Recursos: .....	06
Bibliografía: .....	06
ANEXO: .....	06

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

# NOVAS TECNOLOXÍAS

## INTRODUCCIÓN

A importancia e grao de desenvolvemento conquistado no actualidade polas novas tecnoloxías baseadas na informática e nos procesos dixitais, ademais de transformar numerosos aspectos da vida profesional en tódolos eidos científicos, permite incorporar tamén as distintas realidades e prácticas artísticas numerosos recursos antes impensables e que se revelan cada día máis importantes como factores enriquecedores da creatividade ou como asistentes as labores pedagóxicas e creativas.

Estes recursos non son alleos a práctica musical e nos máis variados aspectos permite achegarse ó mundo sonoro dun xeito máis eficaz, tanto lúdica como cientificamente, polo que en numerosos centros docentes, conservatorios e universidades de todo o mundo, impártense dende hai máis de vinte anos materias relacionadas con estes temas en tódolos niveis do aprendizaxe, dende os primeiros pasos na iniciación ao linguaxe musical, ou ben como complemento ao ensino tradicional dos instrumentos acústicos, axudando aos distintos instrumentistas non só a mellorar o seu perfeccionamento técnico, senón tamén a unha mellor comprensión do fenómeno musical, ata un fin en si mesma como unha especialidade máis. Nos niveis máis avanzados non paran de desenvolverse case a diario novos e máis potentes asistentes á creatividade e á composición musical impulsados pola labor investigadora de diversos centros de prestixio internacional, existindo xa moitos destes centros (conservatorios, universidades...) laboratorios onde a informática musical e unha especialidade de seu. No ámbito profesional o músico dependerá de varios e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitirán desde gravar a súa música, escoitala nun reprodutor portátil, manipulala nun ordenador, facer a súa propia distribución nun soporte que el elixa, etc. É polo tanto necesario, que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos. Os puntos importantes desta materia organízanse en tres apartados formativos; por unha banda, o que fai referencia á computadora, o seu hardware e o seu software, noutro apartado o estudo de gravación (a un nivel de iniciación); e por último o coñecemento básico e tamén fundamental dos principios acústicos que rexen nos instrumentos e na propia execución tecnolóxica.

A tecnoloxía ten unha presenza moi profunda no ámbito musical, posibilitando á vez, un intercambio fluído e dinámico de novas formas de expresión. A tecnoloxía debe desenvolver un papel complementario na formación educativa dos músicos.

Esta materia posibilitará un formal, así como un maior afondamento sobre unha realidade cotiá, ofrecéndolle ao alumnado as ferramentas básicas que deberán usar e ampliar ao longo da súa formación.

Tívoise en conta para a realización da seguinte programación, o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música, de acordo coa "Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia. Novas tecnoloxías é unha materia teórico-práctica obrigatoria para o alumnado do 3º curso de Grao Profesional, cunha hora lectiva semanal.

# GRAO PROFESIONAL

## 3º Curso **NOVAS TECNOLOXÍAS** G. Profesional

### **Obxectivos:**

- Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical.
- Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.
- Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.
- Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio dixital.
- Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e gravación usados nos estudos especializados.
- Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os contornos de tratamento de audio analóxico e dixital.
- Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.

### **Contidos:**

- O ordenador. Os seus principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida.
- Compoñentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparellos musicais en xeral.
- MIDI e o audio dixital.
- Formatos de compresión: o MP3.

### **Editores de partituras:**

- Funcionamento básico dun editor.
- Creación dunha partitura con e sen a axuda do asistente.
- Introducción de notas, articulacións, dinámicas, expresión, texto, etc.
- Emprego do MIDI para a introducción de notas.

### **Editores de audio dixital:**

- Secuenciadores e outras ferramentas integrais.
- Funcionamento básico dun secuenciador.

### **Contidos Mínimos Esixibles:**

- Os compoñentes dun ordenador.
- Conectividade dos instrumentos (electrónicos) musicais en xeral.
- Funcionamento básico dun editor de partituras.
- Funcionamento básico dun secuenciador.
- A realización de traballos ordenados polo profesor (Partituras, Guións de Partituras...).

### **Criterios de Avaliación:**

- Identificar as partes xerais do interior dun ordenador.  
Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer e xerarquizar os compoñentes internos básicos dun ordenador.
- Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador.  
Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer os compoñentes externos básicos que se poden conectar a un ordenador.
- Realizar exercicios de transcripción nalgún editor de partituras.  
Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co manexo fluído das principais opcións de edición de partituras.
- Realizar exercicios de edición a nivel básico cun editor de audio dixital.  
Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel básico dentro dun programa de edición de audio ou secuenciador.
- Describir o funcionamento dos principais aparatos que integran un estudio musical profesional.  
Con este criterio de avaliación tratarase de comprobar o coñecemento do alumnado sobre a variedade e a funcionalidade dos diferentes elementos constitutivos dun estudio de gravación profesional.

### **Procedementos de avaliación:**

- Os procedementos serán a observación sistemática, diaria e directa do alumnado; o cartafol de clase; o diario de clase e os exames.
- Realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha formativa e outra sumativa ou final.

### **Criterios de cualificación:**

- \_ A participación activa na clase suporá un 20% da nota final.
- \_ A correcta realización dos exercicios suporá un 40% da nota final.
- \_ A nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporá un 40% da nota final..

### **Avaliación Alternativa** (Proba para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua)

- A proba farase fóra do horario de clase e será avaliada por unha comisión formada por tres profesores do Departamento de Fundamentos de Composición.
- Consistirá na transcripción dunha obra ou fragmento no que se contestará ás preguntas que determine a comisión. Ademais o alumno terá que facer un comentario sobre un tema que propoña a comisión.

### **Exames de setembro**

No mes de setembro realizarase unha proba para supera-los contidos da materia. A proba poderá constar de un ou máis dos seguintes exercicios:

Elaboración dun proxecto de gravación de audio dixital

Elaboración dun proxecto de gravación e edición de vídeo dixital

Edición dunha partitura cun editor de partituras (Finale, Sibelius, Encore.).

Proba teórica formato test u pregunta curta.

Presentación de traballos requiridos polo profesor.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

A Probas de acceso 1º de grao profesional non se contemplan nesta materia  
Para ampliar matrícula na materia de Informática musical aplicada á música será necesario ter superados os todos os obxectivos do curso ao final do primeiro trimestre.

### **Nota de Advertencia:**

**O alumno que non acade a realización dos contidos mínimos esixibles será motivo para non supera-lo curso. Quedando a criterio do profesor o nivel técnico que debe acadar o alumno para supera-lo curso correspondente.**

### **Recursos:**

- Encerado e papel pautados.
- Partituras.
- Ordenador.
- Internet.
- Software específico.

### **Bibliografía recomendada:**

- Buitrago Téllez, A.: MuseScore: Edición de partituras y composición musical, Bubok, 2012
- Calvillo Castro, A. J.: Fundamentos didácticos de las Nuevas Tecnologías Aplicadas a la Música I: Música y edición de sonido, Bubok, 2013
- Palomo, M.: El estudio de grabación personal, Amusic, 2002
- Day, T. : Un siglo de música grabada, Alianza Música, 2002

## **ANEXO I**

### **FALTAS DE ASISTENCIA** Perda do dereito á avaliación continua

Aqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación continua, xa sexa nun dos trimestres ou na avaliación final, deberán ser avaliados por un sistema alternativo. Este proceso deberá realizarse na semana anterior a cada unha das sesións de avaliación trimestrais, e dentro dos días anteriores á sesión de avaliación de fin de curso.

O sistema alternativo de avaliación trimestral consistirá nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida para o trimestre. O sistema alternativo de avaliación anual consistirá así mesmo nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso.

Establécense dous tipos de faltas:

- **Xustificadas.**
- **Sen xustificar.**

O profesor será o responsable de controla-las faltas (admitindo ou non a súa xustificación), supervisado pola xefatura de estudos.

<b>Faltas Xustificadas</b>	<b>Faltas sen Xustificar</b>
<b>Por Trimestre 3</b>	<b>Por Trimestre 2</b>
<b>Total Curso 9</b>	<b>Total Curso 6</b>

Materias de 1 sesión semanal.

*\* Non se poderá superalo número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo **nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa nun trimestre, ou no total do curso.***

## **ANEXOS II**

### **Procedemento para as Titorías de Pais / Nais.**

O profesor de Novas Tecnoloxías non é titor destes alumnos/as (o profesor titor é o de instrumento).

Para calquera dúbida débese consultar co profesor titor, que estará en contacto co resto de profesorado e é o responsable de todo o proceso de aprendizaxe do alumno/a no Conservatorio.

No caso de desexar unha entrevista co profesor de Novas Tecnoloxías, deberá solicitárselle ó mestre titor por escrito, como mínimo cunha semana de antelación.

### **Criterios para a obtención dos premios fin de grao.**

Non se contempla nesta materia.

*Conservatorio de Música Profesional da Estrada*